

**DECRETO NÚMERO 15004982 DO 12/06/2015**

Ilma. Sra. Dona Sonia Méndez García Tenenta de Alcalde delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autonomos e Educación.

Instruído o expediente relativo a **RECTIFICACIÓN DE DECRETO NUMERO 15004851 DE 10 DE XUÑO DE 2015 DE ADXUDICACIÓN DIRECTA DE POSTOS DE MERCADORIAS NO ARDE LUCUS 2015**

Examinado o expediente de referencia e visto:

**Primeiro.-** Decreto número 15004851 de 10 de xuño de 2015 polo que se procede á adxudicación directa de varios postos de mercadorías no Arde Lucus

**Segundo.-** Detectado un erro na adxudicación dos postos números 53 e 60 a dona Sonia Fontán e a Orta Agromonte Enrique y Jesús Maria respectivamente cando é debería ser ao revés, rocede rectificar o dito Decreto adxudicando os postos indicados de forma correcta, esto é:

A Dona Sonia Fontán Fornos o posto número 60 por unha taxa de 315 euros

A Orta Agramonte Enrique y Jesús María o posto número 53 por unha taxa de 170 euros

Por todo o anteriormente, e no uso das atribución conferidas á Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local 11/154 de 11 de marzo de 2015, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Rectificar o erro padecido no Decreto número 15004851 quedando o apartado dispositivo primeiro redactado como segue:

**Primeiro .-** Adxudicar os postos indicados ás persoas relacionadas na táboa seguinte:

NOME	PARADA	TAXA	PUNTOS
Silvia Artos Fernández	22	180	35,20
Isabel Martín Moreno	27	215	27,72
Luisa Martínez Vázquez	31	156	31,43
Adoraceli Diez San Juan	52	650	23,90
<i>Sonia Fontán Fornos</i>	<i>60</i>	<i>315</i>	<i>36,25</i>
Cuqui Bakes C.B.	55	241	22,89
Concepción Hernández Abad	59	300	20
<i>Orta Agramonte Enrique y Jesús Maria (Hermanos)</i>	<i>53</i>	<i>170</i>	<i>22,68</i>

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

XMCR/atm

Refª: 1434025578453.doc

Asunto: DECRETO RECTIFICACION ERRO DECRETO ADXUDICACION DIRECTA POSTOS  
MERCADO ARDE LUCUS

<i>Orta)</i>			
Begoña López González	64	220	18,10

Ricardo Rifón Roca	61	320	21,71
--------------------	----	-----	-------

José Ramón Laia Gómez	25	195	39,50
-----------------------	----	-----	-------

**Esta adxudicación quedará condicionada á presentación á maior brevidade posible, e en todo caso antes do inicio da festa, da seguinte documentación para o caso de que non estivera xa presentada:**

- Copia da alta no Imposto de Actividades Económicas.
- Recibo do último pagamento deste imposto de actividades económicas
- Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil en vigor durante a Festa na que se indique claramente a cobertura mínima esixida de 200.000 euros e que incluíra a cobertura de productos.
- Copia do recibo de pagamento do dito seguro de responsabilidade civil

O Concello de Lugo comprobará de oficio que os licitadores propostos se atopar ao corrente coas obrigas tributarias co propio Concello de Lugo quedando condicionada a adxudicación ao cumprimento deste requisito.

**O importe ofertado (taxa) por cada adxudicatario deberá ingresarse nos lugares e prazos establecidos na Carta de Pagamento que se adxunte a esta resolución.**

**De non aboarse o importe ofertado nos prazos establecidos quedará extinguida e sen efecto a autorización e a parcela quedará a libre disposición do Concello que poderá adxudicala a outra persoa a través do procedemento establecido para postos vacantes.**

Cúmprase.